

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de xullo de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados:

D. Javier Pardo Espiñeira.
D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de xullo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(825).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á “ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA” (AFAGA). EXPTE. 13075/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23.06.15, dáse conta do informe-proposta do 07.07.15, do técnico de Admón. Xeral e xefe de

Protocolo e Relacións Públicas, conformado polo concelleiro-delegado de Facenda e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 25 de xuño a Intervención Xeral remitiu unha dilixencia para proceder a emendar unha serie de observación antes de continuar coa tramitación do expediente de referencia:

- 1. na parte dispositiva do Informe-Proposta debe recoller non só a concesión, senón tamén a autorización do gasto*
- 2. a cláusula cuarta debe ser redactada recollendo as determinación da Base 38.4 das de Execución acerca da forma de xustificación*
- 3. solicítase a incorporación do orzamento de ingresos do funcionamento da Asociación: "o orzamento presentado no expediente non se trata do orzamento xeral de funcionamento da Asociación, senón que corresponde ao orzamento de gastos para levar a cabo as actividades necesarias encamiñadas a conseguir a declaración de cidade amigable coas persoas maiores con alzheimer e outras demencias, polo que voltamos a insistir na non existencia dun orzamento de ingresos por ser unhas actividades dirixidas a toda a cidadanía sen contraprestación para a Asociación."*

Con data 3 de xullo a Intervención Xeral emite nova dilixencia para facer constar na parte dispositiva non só a concesión e autorización do gasto, senón tamén a disposición.

Unha vez subsanadas as observacións, remítese o expediente a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, quedando o informe-proposta redactado da seguinte forma:

INFORME-PROPOSTA:

Ante a demanda plantexada pola ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA) (G-36776920), de data de entrada no Rexistro Xeral 09 de febreiro con nº 150016279 e, unha vez coñecido o proxecto e decretado o inicio do expediente polo Alcalde-Presidente, o funcionario que asina ten a ben informar o seguinte:

A Administración conta entre as súas competencias con todas aquelas actividades de carácter , social ou cultural que afecten a numerosos grupos de cidadáns, con especial incidencia no eido social , como é o caso presente . Pola contra, non sempre é posible acadar estes fins de xeito directo, aínda máis tendo en conta o variado tecido social da cidade.

Por isto, precisa doutras canles coma son as subvencións para levar a cabo estas finalidades.

A Alcaldía desde o inicio da súa andadura actual amosou un gran interese por contribuír a actos de tipo social que permitan servir de axuda a unha causa humanitaria como é a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e unha mellor atención aos enfermos de Alzheimer e outras demencias.

A ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA) (G-36776920), é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo en 1994, integrada por máis de 500 socios nun ámbito provincial. A súa misión principal é a defensa dos dereitos das persoas con Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas e dos seus familiares, prestando servizos especializados e de prevención, así como desenvolvendo actividades de sensibilización social. Este ano 2015 a entidade foi nomeada Vigués Distinguido pola corporación do Exmo. Concello de Vigo.

En canto á presentación dunha relación de ingresos e gastos do evento, estas actividades non teñen ingresos xa que son dirixidas á poboación en xeral sen ningún tipo de ingreso pola súa impartición, polo que a subvención do Concello de Vigo está destinada a sufragar o custo do persoal, seguros, materiais, equipamento, publicidade, etc.

Trátase dunha subvención para unha acción concreta a desenvolver durante este ano, considerado de importancia pola súa transcendencia social recollida de xeito xenérico no art. 25.2 e) da Lei 27/2013, avaliación e información de situacións de necesidade social e aa atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social.

A entidade ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA) (G-36776920) aporta a documentación necesaria e imprescindible para obter subvención da Administración Local.

Por tratarse dunha subvención destas características podería ser concedida ó abeiro do art. 22.2.c, da vixente Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo seu interese social.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1. “Conceder a ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA) (G-36776920), unha subvención por importe de 9.000 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola promoción de actuacións e programas destinados a conseguir a declaración de cidade amigable coas persoas maiores e con Alzheimer e outras demencias., e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións), do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo.*
- 2. Dispoñer e autorizar o gasto a favor da ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA) (G-36776920), por importe de 9.000 € en concepto de subvención como axuda para os gastos ocasionados pola promoción de actuacións e programas destinados a conseguir a declaración de cidade amigable coas persoas maiores e con Alzheimer e outras demencias., e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións), do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo”.*

Todo isto con arranxo ás seguintes ESTIPULACIÓNS:

- 1. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- 2. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*
- 3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.*

4. A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ate o 20 de Novembro, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi deeuros

Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención. Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención.

A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante os oportunos certificados acreditativos.
6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguimento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas por ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA) (G-36776920) , serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.
8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
9. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

10. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos dacordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
11. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
12. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

2(826).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XXVII GRAN PREMIO CICLISTA MEIXUEIRO” O 18/07/15. EXPTE. 14201/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

O club Ciclista Meixueiro con CIF (G36720951), solicitou o día 11-06-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150077409) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XXVII GRAN PREMIO CICLISTA MEIXUEIRO
- Data: 18 de xullo de 2015
- Horario:
 - Inicio e fin evento: 17.00h a 19.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenzará o sábado 18 de xullo de 2015, de 17.30h a 19.30h, percorrendo polo Barrio do Meixueiro, Avda de Madrid (vieja) cño. Tixolo e cño Meixueiro.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil
- Limpeza

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club ciclista Meixueiro con CIF (G36720951), a organizar o vindeiro sábado 18 de xullo de 2015, o evento deportivo denominado XXVII GRAN PREMIO CICLISTA MEIXUEIRO, a carreira percorrerá polo Barrio do Meixueiro, Avda de Madrid(vieja) cño. Tixolo e cño Meixuerio, comezando ás 17.30h e rematando ás 19.30h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(827).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “XXXVII TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS-TROFEO RÍA DE VIGONATAción LARGO A DISTANCIA” O VINDEIRO 09/08/15. EXPTE. 13997/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, de data 10.07.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

El Corte Inglés con (CIF:A- 28017895), solicitou o día 07-04-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150039544) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XXXVII TRAVESIA A NADO EL CORTE INGLÉS-TROFEO RIA DE VIGONATAción LARGO A DISTANCIA
- Data: 9 DE AGOSTO DE 2015

- *Horario:*
 - *Inicio e fin evento: 08.30H A 14.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a XXXVII TRAVESIA A NADO EL CORTE INGLES-TROFEO RIA DE VIGO-NATACION LARGO A DISTANCIA, dito evento que terá lugar o domingo 9 de agosto de 2015 se levará a cabo entre as 08.30h e as 14.00h, a proba comezará as 11.00h na praia do Vao ata as inmediacións da Isla de Toralla, cunha participación de 750 nadadores de aproximadamente.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*
- *Protección civil*
- *Servizo de Costas de Pontevedra*
- *Medio Ambiente*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003, así como o disposto no anexo II do Regulamento Xeral de Circulación referido a probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a El Corte Inglés con (CIF:A- 28017895), a organizar o vindeiro domingo 9 de agosto de 2015 o evento deportivo denominado XXXVII TRAVESIA A NADO EL CORTE INGLES-TROFEO RIA DE VIGO-NATACION LARGO A DISTANCIA o evento se levará a cabo entre as 08.30h e as 14.00h, a proba comezará as 11.00h na praia do Vao ata as inmediacións da Isla de Toralla, cunha participación de 750 nadadores aproximadamente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(828).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE “REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO” EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE. EXPTE. 13953/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do secretario Xeral do Pleno, do 2.07.15, o informe de fiscalización do 8.07.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.07.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Examinadas as observacións incluídas no informe da Intervención do Concello de data 08/07/2015, que sinala que “debe indicarse que o acordo de concesión da subvención implica ademais da autorización do gasto correspondente polo importe a conceder, o compromiso ou disposición do gasto en favor da entidade beneficiaria (artigo 34.2 Lei 28/2003), polo que debe ser obxecto de rectificación neste sentido o apartado segundo da parte dispositiva da proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, en canto órgano competente para a súa concesión a teor do previsto no artigo 127.1,g) da Lei 7/85 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local”, procedeuse a súa corrección, quedando proposta de acordo á Xunta de Goberno Local reformulada como segue:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade R.C. Celta de Atletismo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2014/2015.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva R.C. Celta de Atletismo conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría División de Honra. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

- Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2014/2015, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade R.C. Celta de Atletismo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- *O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- *A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- *O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- *Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade R.C. Celta de Atletismo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2015, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade R.C. Celta de Atletismo durante a tempada deportiva 2014/2015, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva R.C. Celta de Atletismo para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honra na tempada deportiva 2014/2015 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 21.500,00€. a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G-36945319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13953/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE R.C. CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015 (EXpte. 13953/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don José Ángel Serantes Arias como presidente da entidade R.C. Celta de Atletismo CIF nº G-36945319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13953/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade R.C. Celta de Atletismo conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade R.C. Celta de Atletismo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2014/2015.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade R.C. Celta de Atletismo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.04 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 21.500,00€, a favor da entidade deportiva R.C. Celta de Atletismo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade R.C. Celta de Atletismo na tempada deportiva 2014/2015.

VI.- Que a entidade R.C. Celta de Atletismo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13953/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade R.C. Celta de Atletismo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade R.C. Celta de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2014/2015.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade R.C. Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade R.C. Celta de Atletismo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade R.C. Celta de Atletismo unha subvención por importe de 21.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.04 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2014/2015.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2014/2015, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas

polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2014/2015. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2014/2015, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

5(829).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE “CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA” EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE. EXPTE. 13954/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do secretario Xeral do Pleno, do 2.07.15, o informe de fiscalización do 8.07.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.07.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Examinadas as observacións incluídas no informe da Intervención do Concello de data 08/07/2015, que sinala que “debe indicarse que o acordo de concesión da subvención implica ademais da autorización do gasto correspondente polo importe a conceder, o compromiso ou disposición do gasto en favor da entidade beneficiaria (artigo 34.2 Lei 28/2003), polo que debe ser obxecto de rectificación neste sentido o apartado segundo da parte dispositiva da proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, en canto órgano competente para a súa concesión a teor do previsto no artigo 127.1,g) da Lei 7/85 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local”, procedeuse a súa corrección, quedando proposta de acordo á Xunta de Goberno Local reformulada como segue:

Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2014/2015.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta conta cun equipo de elite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2014/2015, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Atletismo Femenino Celta e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos

deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Atletismo Femenino Celta para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2015, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Atletismo Femenino Celta durante a tempada deportiva 2014/2015, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Primeira División na tempada deportiva 2014/2015 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 22.500,00€. a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13954/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015 (EXPTE. 13954/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona Paula Mariño Gonda como presidenta da entidade Club Atletismo Feminino Celta CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13954/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta conta cun equipo de élite que participa na categoría Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Atletismo Feminino Celta desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2014/2015.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 22.500,00€, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Feminino Celta.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os interventores, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Club Atletismo Feminino Celta na tempada deportiva 2014/2015.

VI.- Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13954/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Atletismo Feminino Celta o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Atletismo Feminino Celta comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2014/2015.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Feminino Celta na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Feminino Celta (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Feminino Celta unha subvención por importe de 22.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.03 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2014/2015.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2014/2015, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do

convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaron tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2014/2015. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigifiativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2014/2015, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción

do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

6(830).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE “FUNDACIÓN CELTA DE VIGO” PARA A DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FÚTBOL BASE NA CIDADE. EXPTE. 14196/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 17.06.15, o informe de fiscalización do 25.6.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.07.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Examinadas as seguintes observacións detalladas no informe da Intervención do Concello de data 25/06/2015:

- En relación as becas deportivas por importe de 54.960,00€ deberase requerirse á Fundación Celta a acreditación detallada da finalidade das becas, así como indicarlle que na conta xustificativa deberá figurar un informe sobre o aproveitamento e resultados acadados polos becados, para os efectos de acreditar no primeiro caso, a vinculación dos documentos que se presenten na conta xustificativa co obxecto subvencionado e no segundo caso para xustificar o correcto emprego dos fondos públicos.*
- Lembrar que segundo o artigo 7m da Lei 35/2006, de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas e artigo 4 do Real Decreto 439/2007, 30 de marzo, do Regulamento do Imposto sobre a Renta, estas becas deportivas concedidas pola Fundación Celta de Vigo, salvo proba en contrario, non constitúen renda exenta aos efectos do IRPF, por conseguinte debe acreditarse na conta xustificativa a realización das retencións correspondentes e o seu ingreso na AEAT, o que se poñe en coñecemento do Servizo Xestor.*

- *En relación ás nóminas de xogadores deberá acreditarse polo Servizo Xestor se é compatible a percepción dunha nómina co desenvolvemento da actividade deportiva dentro do concepto de fútbol base.*
- *Asemade lembrar que as nóminas na conta xustificativa deberán estar asinadas polos seus perceptores.*
- *En relación á partida Bus entrenos Caldas-Ourense o Servizo Xestor deberá requerirle á Fundación Celta de Vigo que aclare a finalidade destes desprazamentos.*

Procedeuse a:

- *Incorporar ó expediente a acreditación detallada da finalidade das becas solicitada á Fundación Celta de Vigo e remitida pola entidade con data 07/07/2015. Da mesma forma informouse á entidade de que na conta xustificativa deberá figurar un informe sobre o aproveitamento e resultados acadados polos becados, para os efectos de acreditar no primeiro caso, a vinculación dos documentos que se presenten na conta xustificativa co obxecto subvencionado e no segundo caso para xustificar o correcto emprego dos fondos públicos.*
- *Informar á Fundación Celta de Vigo de que en relación ás becas deportivas concedidas, salvo proba en contrario, non constitúen renda exenta aos efectos do IRPF, por conseguinte deberán acreditar na conta xustificativa a realización das retencións correspondentes e o seu ingreso na AEAT*
- *Incorporar un informe que xustifica a compatibilidade da percepción dunha nómina co desenvolvemento da actividade deportiva dentro do concepto de fútbol base, así como informar á entidade de que as nóminas na conta xustificativa deberán estar asinadas polos seus perceptores.*
- *Incorporar ó expediente a acreditación detallada da finalidade dos desprazamentos relacionados coa partida de gasto "Bus entrenos Caldas-Ourense" solicitada á Fundación Celta de Vigo e remitida pola entidade con data 07/07/2015.*

Polo que a proposta queda reformulada como segue:

A Fundación Celta de Vigo foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo, o día 17 de xullo 1996, e declarada de interese Galego por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 29 de outubro de 1996.

Esta Fundación, ao amparo do establecido no artigo 5 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos.

Neste sentido, a Fundación Celta de Vigo desenvolve actuacións encamiñadas á dinamización de actividades deportivas relacionadas coa práctica do fútbol, e a promoción de actuacións vinculadas ó fomento desta modalidade, así como outras actividades relacionadas ou derivadas de dita práctica, fundamentalmente orientadas ás categorías base.

Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do programa de fútbol base da Fundación Celta de Vigo, supón a principal actividade desta entidade cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola súa tradición no fútbol de Vigo, como pola súa importancia mediática e social, tanto na propia cidade como no resto do territorio nacional, ao estar relacionada directamente co R.C. Celta de Vigo e o seu equipo na máxima categoría do fútbol.

O programa que presenta a Fundación Celta de Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, oriéntase fundamentalmente á dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de

División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete, así como no resto de competicións e categorías de carácter máis formativo, como a Liga Galega Cadete ou a Liga Alevín Provincial. Ademais, como parte do proceso formativo, os diferentes equipos do proxecto, compiten nalgúns dos Torneos de nivel nacional e internacional nos que se dan cita equipos base de equipos de todo o mundo, como o a Copa Coca Cola Campionato de España, o Torneo César Augusta de Zaragoza, ou a Iscar Cup de Valladolid, a Oviedo Cup, a Copa de Campións, o Mundialito Alevín do Algarve ou a Turkish Holidays Spring.

Por todo o exposto, tendo en conta a consideración de que esta subvención responde á propia relevancia da actividade desta entidade, ó tempo que a súa colaboración coa administración pretende a consolidación do proxecto deportivo considerado de interese para o desenvolvemento do proxecto da cidade de Vigo e o deporte en función das seguintes actuacións transversais entre o Concello e a propia Fundación Celta de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución armónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios suficientes que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, para o cal, proponse a resolución desta subvención directa a través do regulado nas cláusulas do convenio que se adxunta entre o Concello de Vigo e a entidade FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

En relación a esta proposta de subvención, temos que indicar que no orzamento prorrogado do Concello de Vigo para o ano 2015, da mesma forma que xa pasou co orzamento prorrogado do ano 2014, figura unha partida nominativa “3410.489.00.16. subvención Fundación Celta de Vigo”, para o desenvolvemento desta actuación. Sobre o importe desta partida nominativa debemos indicar que o importe real da mesma no orzamento prorrogado vixente non se corresponde, por un erro aritmético, coa intención orzamentaria, como xa se constatou no proceso de exposición público do orzamento do ano 2014, con data 11 de abril do 2014, na que xa foi presentada unha moción por parte do portavoz do Grupo Municipal Socialista para corrixir o importe en dita partida de subvención a Fundación Celta, cun importe de 250.000,00 €, xa que

debido a un erro na identificación numérica da partida, dito importe se aplicou a partida "3410.489.00.02", que atende a proposta de subvención nominativa a favor da Fundación VIDE. Tal erro xa quedou constatado en dous aspectos. Por un lado, a subvención nominativa a VIDE xa foi tramitada de acordo o expediente 13929/333. Dito expediente foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26 de marzo de 2015 coa resolución de aprobación da concesión directa dunha subvención polo importe de 125,000,00 €, e por outro lado dito importe correspóndese co importe destinado de forma xeral por parte do Concello a esta entidade.

Polo exposto, a proposta de subvención a Fundación Celta de Vigo, por parte do Concello de Vigo estaba prevista baixo a intención de desenvolverse de acordo a previsión orzamentaria nominativa de 250.000,00 €, pero debido o erro aritmético exposto anteriormente, a partida aprobada no orzamento vixente 3410.489.00.16. subvención Fundación Celta de Vigo, ten un crédito de 125.000,00 €, pero na partida 3410.489.00.02, atopámonos os 125.000,00 €, erroneamente aplicados a partida vinculada coa subvención a favor da Fundación VIDE.

En relación a este aspecto, debemos destacar que o proxecto presentado pola Fundación Celta de Vigo desenvólto durante a tempada deportiva 2014/2015, responde a un traballo que pódese catalogar de exclusivo, xa que a Fundación Celta de Vigo e a única cun proxecto de semellante desenvolvemento deportivo, tanto polo número de equipos como pola categoría deportiva dos mesmos no ámbito do fútbol base da cidade. Polo exposto, a subvención proposta a través deste expediente, ademáis de responder ó desenvolvemento da propia partida nominativa para esta subvención, pódese indicar que por tratarse dun proxecto tan específico non existiría concorrencia e ademáis o alto interese deportivo, público e social vinculado a propia actuación da Fundación Celta de Vigo, así como o propio proxecto deportivo desenvólto, definen a mesma dentro dos aspectos previstos no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta estes criterios e a actuación levada a cabo pola Fundación Celta de Vigo, plantéase a presente proposta de convenio para a adxudicación dunha subvención á Fundación Celta de Vigo. A proposta de subvención ten en conta o alcance do orzamento destinado pola Fundación Celta a execución do proxecto de dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que de acordo coa memoria presentada, que se adxunta a este expediente ascende a un gasto total de 327.245€, polo cal a proposta de subvención e de 250.000,00€.

Polo cal, o importe proposto para coadxuvar á financiación que supuxo o desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base desenvolvido pola propia Fundación Celta de Vigo na cidade de Vigo na tempada 2014/2015 ascende o importe de 250.000,00€. Dito importe financiarase a través dos créditos existentes nas partidas: 3410.489.00.16 e 3410.489.00.02.

A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o recollido na base 38 das de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar á financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de fútbol base desenvolvido na cidade de Vigo na tempada deportiva 2014/2015.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

A Fundación Celta de Vigo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e o destino previsto para a subvención solicitada.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Fundación Celta de Vigo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A beneficiaria, presentou o proxecto que xustifica o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención. Tras a aprobación da presente resolución, a beneficiaria trala sinatura do convenio que regula a mesma, deberá presentar os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

Previamente a efectuarse a proposta, debe emitirse informe xurídico e informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRA: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes o a FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, para a concesión dunha subvención en relación o proxecto de PROMOCION DO FUTBOL BASE a traves da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete.

SEGUNDA: Autorizar o gasto polo importe de 250.000,00 €. a favor da Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042, con enderezo social na Rúa Conde de Gondomar, 1, en Vigo, en concepto de subvención directa en base o convenio para o desenvolvemento do proxecto PROMOCION DO FUTBOL BASE a traves da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo. Este crédito é con cargo ás seguintes partidas do vixente orzamento:

- 125.000,00€ con cargo á partida 3410.489.00.16.*
- 125.000,00€ con cargo á partida 3410.489.00.02.*

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE FUNDACIÓN CELTA DE VIGO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PROMOCION DO FUTBOL BASE A TRAVES DA DINAMIZACIÓN, DIRECCIÓN, COORDINACIÓN E XESTIÓN DAS CATEGORÍAS INFERIORES DO R.C. CELTA DE VIGO NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, *D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

Doutra, don Manuel Carlos Mouriño Atanes con DNI: 35921669U, como presidente da entidade FUNDACIÓN CELTA DE VIGO CIF nº G-36810042 e enderezo social na Rúa Conde de Gondomar, 1, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da secretaria que figura na documentación do presente expediente.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que a Fundación Celta de Vigo foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo, o día 17 de xullo 1996, e declarada de interese Galego por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 29 de outubro de 1996.

Esta Fundación, ao amparo do establecido no artigo 5 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos.

Neste sentido, a Fundación Celta de Vigo desenvolve actuacións encamiñadas á dinamización de actividades deportivas relacionadas coa práctica do fútbol, e a promoción de actuacións vinculadas ó fomento desta modalidade, así como outras actividades relacionadas ou derivadas de dita práctica, fundamentalmente orientadas ás categorías base.

Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do programa de fútbol base da Fundación Celta de Vigo, supón a principal actividade desta entidade cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola súa tradición no fútbol de Vigo, como pola súa importancia mediática e social, tanto na propia cidade como no resto do territorio nacional, ao estar relacionada directamente co R.C. Celta de Vigo e o seu equipo na máxima categoría do fútbol.

II.- O programa que presenta a Fundación Celta de Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, oriéntase fundamentalmente á dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete, así como no resto de

competicións e categorías de carácter máis formativo, como a Liga Galega Cadete ou a Liga Alevín Provincial

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto PROMOCION DO FUTBOL BASE a través da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, na tempada deportiva 2014/2015.

VI.- Que a entidade FUNDACIÓN CELTA DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade FUNDACIÓN CELTA DE VIGO o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade FUNDACIÓN CELTA DE VIGO comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

Programa Municipal de escolas deportivas.

Xornadas de formación.

Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.

2º.- Desenvolver a actuación principal da entidade nun proxecto xeral de *PROMOCIÓN DO FUTBOL BASE* en Vigo, que inclúe a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2014/2015.

3º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade *FUNDACIÓN CELTA DE VIGO*, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da entidade *FUNDACIÓN CELTA DE VIGO* (revista, web, etc).

3º.- Conceder á entidade *FUNDACIÓN CELTA DE VIGO* unha subvención polo importe de 250.000,00 €, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto *PROMOCION DO FUTBOL BASE* a traves da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo. Este crédito é con cargo ás seguintes partidas do vixente orzamento:

- 125.000,00€ con cargo á partida 3410.489.00.16.
- 125.000,00€ con cargo á partida 3410.489.00.02.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2014/2015. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata un máximo de tres meses como prazo máximo para proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

7(831).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO” CONTRA RESOLUCIÓN DO CONVENIO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MOVE VIGO 2014”. EXPTE. 6127/335.

Visto o informe xurídico do 2.07.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 10.07.15, conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

A Xunta de goberno local, na súa sesión ordinaria do 4 de maio de 2015, resolveu “non conceder a subvención prevista nominalmente a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo Eduardo Chao para o convenio de organización polo programa Move Vigo 2014, toda vez que non quedou acreditado por parte da entidade dentro do exercicio presupostario o requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias, necesario para obter a condición de beneficiaria da subvención” (expediente administrativo 5662/335). Esta resolución foi notificada á entidade interesada o 15 de maio de 2015 con indicación dos recursos pertinentes.

Contra a devandita resolución, a Federación de Asociacións veciñais Eduardo Chao interpuxo Recurso de Reposición, que tivo entrada no Rexistro xeral deste Concello o 15 de xuño de 2015 (documento 150079913).

En data 2 de xullo de 2015, a Asesoría xurídica emitiu informe xurídico sobre o recurso interposto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1ª) Na primeira alegación do recurso, reitérase que un escrito enviado pola xefa do Servizo de Festas e polo xefe de Xestión e Promoción cultural, de 29/12/2014, é unha resolución arbitraria, ilegal e inxusta, constituíndo por isto un acto nulo de pleno dereito e que causa indefensión á entidade.

Como xa se sinalara previamente no expediente que se recorre, o dito escrito non ten carácter de resolución, toda vez que non está ditado por ningún órgano de goberno municipal con competencias resolutorias, senón que se trata dunha simple comunicación informativa do estado de tramitación do procedemento. Esta comunicación non é nin arbitraria, nin ilegal, nin inxusta, toda vez que si contén unha motivación axustada a dereito por canto na mesma se sinala que ao non presentarse a documentación completa necesaria non foi posíbel tramitar o expediente para a aprobación da formalización do convenio a través do que se canaliza a subvención nominativa, por unha cuestión de prazos. Tampouco se causou indefensión á Federación senón que, precisamente para evitar isto e ofrecerlle todas as posibilidades de defensa, adoptouse o pertinente acordo pola Xunta de goberno local, que foi notificado con indicación dos recursos.

2ª) Na segunda alegación do recurso, a Federación afirma cumprir todos os requisitos para percibir a subvención e que no expediente administrativo se atopa toda a documentación necesaria. Tamén, alude que a base 38 (apartados 4.2 e 7) das Bases de execución do orzamento municipal aprobadas para o exercicio 2014 xustifica o dereito da Federación á subvención

Reitérase que no expediente unicamente consta certificación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social pero non de estar ao corrente das obrigas tributarias nin coa Facenda estatal nin coa Facenda autonómica. Neste caso non son válidas as declaracións responsábeis presentadas, toda vez que estas só substitúen as certificacións nos supostos previstos no art. 24 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións, non concorrendo neste caso ningún destes requisitos. En consecuencia, ao non quedar acreditado con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que a entidade se atopase ao corrente nas súas obrigas tributarias, non se puido aprobar o convenio para outorgar a subvención. Por outra banda, a base 38 das Bases de execución do orzamento non xustifica o dereito da Federación á subvención; nos apartados mencionados soamente se regula a xustificación das subvencións, refiríndose a unha fase ou trámite posterior dunha subvención que debería estar previamente concedida e que neste caso non se puido chegar a outorgar.

3ª) Na terceira alegación do recurso, a Federación pon en coñecemento do Concello que se formula denuncia penal ante os Xulgados de Instrución da cidade, cuxo contido se descoñece por non constar no expediente.

Indícase que este extremo non incide na tramitación e resolución do procedemento administrativo de concesión da subvención, sen prexuízo do que resulte da tramitación da dita denuncia e da posibilidade de interpoñer recurso extraordinario de revisión contra o acordo de non concesión da subvención no caso de que se ditase unha sentenza xudicial firme que determinase que o acordo recorrido fora ditado como consecuencia dunha conduta puníbel, tal como establece o art. 118.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Con carácter previo á resolución do expediente, remítese o mesmo á Intervención xeral, de conformidade cos artigos 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, art. 6 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e art. 214.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que o devolve indicando que non procede a súa fiscalización.

Á vista do exposto, previo o informe de Asesoría xurídica, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“Desestimar o Recurso de reposición interposto o 15 de xuño de 2015 pola Federación de Asociacións veciñais Eduardo Chao de Vigo (CIF G-36.681.708) contra a resolución desta Xunta

de Goberno local do 4 de maio de 2015, toda vez que as alegacións que se conteñen no recurso non desvirtúan os fundamentos que motivaron a resolución adoptada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(832).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO” CONTRA RESOLUCIÓN DENEGATORIA DE SUBVENCIÓN. EXPTE. 6679/224.

Visto o informe xurídico do 3.07.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 13.07.15, conformado pola concelleira de Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de goberno local, na súa sesión ordinaria do 4 de maio de 2015, resolveu “non conceder a subvención prevista nominalmente a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo Eduardo Chao para a organización e desenvolvemento do programa XXII Xornadas das mulleres veciñais 2014, toda vez que non quedou acreditado por parte da entidade dentro do exercicio presupostario o requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias, necesario para obter a condición de beneficiaria da subvención” (expediente administrativo 6679/224). Esta resolución foi notificada á entidade interesada o 15 de maio de 2015 con indicación dos recursos pertinentes.

Contra a devandita resolución, a Federación de Asociacións veciñais Eduardo Chao interpuxo Recurso de Reposición, que tivo entrada no Rexistro xeral deste Concello o día 15 de xuño de 2015 (documento 150079910).

En data 3 de xullo de 2015, a Asesoría xurídica emitiu informe xurídico sobre o recurso interposto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1ª) Na primeira alegación reitérase que o escrito da Xefa do servizo de Igualdade do 13/01/2015 é unha resolución arbitraria, ilegal e inxusta e que por isto constitúe un acto nulo de pleno dereito que ademais lle causa indefensión.

Como sinalara previamente asesoría xurídica no expediente que se recorre, dito escrito da xefa do Servizo de Igualdade, non ter o carácter de resolución pois non está ditada por ningún órgano de goberno municipal con competencias resolutorias senón que é unha simple comunicación informativa do estado de tramitación do procedemento.

Dita comunicación non é nin arbitraria nin ilegal nin inxusta toda vez que si contén unha motivación axustada a dereito por canto na mesma se sinala que ao non presentarse a documentación completa necesaria non foi posible tramitar o expediente para a aprobación e formalización do convenio a través do que se canaliza a subvención nominativa. E tamén se indica que xa non é posible tramitar a subvención por razón de prazos. O que ven corroborado polo informe da Intervención de data 22/04/2015 que sinala que “ A Base 38 das de Execución do Orzamento establece que as Bases da Convocatoria, neste caso o Convenio, terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión á Intervención Xeral para a

súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente.

Segundo as normas da operación de peche colgadas na Intranet a data límite para a súa remisión a esta Intervención foi o 19 de decembro .

Por conseguinte nos prazos nos que a FAVEC presenta a documentación "incompleta" para a tramitación do Convenio este xa non pode levarse a cabo segundo a normativa recollida nas Bases de Execución e nas normas xerais de peche do ano 2014.

A aprobación da subvención debería estar feita con anterioridade a estas datas de modo que a posterior xustificación das axudas se puidese realizar dentro dos prazos marcados".

Non se causou ningunha indefensión á Federación senón que, precisamente para evitar isto e ofrecerlle todas as posibilidades de defensa, adoptouse o pertinente acordo pola Xunta de Goberno Local o 04/05/2015 (órgano municipal competente) que foi notificado con indicación de recursos.

2ª) Na segunda alegación do recurso a Federación afirma cumprir todos os requisitos para percibir a subvención e que no expediente administrativo se atopa toda a documentación necesaria. Tamén alude que a base 38 (apartados 4.2 e 7) das Bases de execución do orzamento municipal aprobadas para o exercicio 2014 xustifica o dereito da Federación á subvención.

Reitérase que no expediente unicamente consta certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte a Seguridade Social pero non de estar ao corrente das obrigas tributarias nin coa Facenda estatal nin coa Facenda autonómica. Neste caso non son válidas as declaracións responsables presentadas, toda vez que estas só substitúen ás certificacións nos supostos previstos no art. 24 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións, non concorrendo neste caso ningún destes requisitos. En consecuencia, ao non quedar acreditado con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que a entidade se atopase ao corrente nas súas obrigas tributarias, non se puido aprobar o convenio para outorgar a subvención, de conformidade co establecido nos art.11.e) da LSG (art.14 da LXS) e 10.2 da LSG (art.13.2 da LXS).

Por outra banda, a base 38 apartado 4.2 e apartado 7 das Bases de execución do orzamento non xustifica o dereito da Federación á subvención. Nos apartados mencionados soamente se regula a xustificación das subvencións, referíndose a unha fase ou trámite posterior dunha subvención que debería estar previamente concedida e que neste caso non se puido chegar a outorgar.

3ª) Na terceira alegación do recurso, a Federación pon en coñecemento do Concello que se formulou denuncia penal perante os Xulgados de Instrución da cidade, cuxo contido se descoñece por non constar no expediente.

Indícase que este extremo non incide na tramitación e resolución do procedemento administrativo de concesión da subvención, sen prexuízo do que resulte da tramitación de dita denuncia e da posibilidade de interpoñer recurso extraordinario de revisión contra o acordo de non concesión da subvención no caso de que se ditase unha sentenza xudicial firme que determinase o acordo recorrido fora ditado como consecuencia dunha conduta punible, tal e como establece o art. 118.1.4ª da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Con carácter previo á resolución do expediente, con data 10/07/2015 remítese o mesmo á Intervención Xeral, de conformidade cos artigos 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención, art. 6 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño , de subvencións de Galicia e art. 214.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da

Lei de facendas locais. Nesa mesma data Intervención Xeral devolve o expediente ao servizo xestor sen informar.

Á vista do exposto, e previo o informe de Asesoría xurídica, coa conformidade da concelleira de Igualdade, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“Desestimar o Recurso de reposición interposto o 15 de xuño de 2015 pola Federación de Asociacións veciñais Eduardo Chao de Vigo (CIF G-36.681.708) contra a resolución desta Xunta de Goberno local do 4 de maio de 2015, toda vez que as alegacións que se conteñen no recurso non desvirtúan os fundamentos que motivaron a resolución adoptada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(833).- PROPOSTA ABOAMENTO GASTOS DE COMUNIDADE DA VIVENDA MUNICIPAL E-638-C-6. EXPTE. 6748/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 7.07.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo, do 23.06.15, conformado pola concelleira de Igualdade e o concelleiro de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Na sesión de data 05/05/2008 a Xunta de Goberno Local acordou a aceptación da cesión realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo de tres vivendas destinadas ao colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero, que xestiona desde entón a Concellería de Igualdade.

En data 17/03/2015 o Departamento municipal de Patrimonio traslada a este órgano xestor instrucións para que a partir desa data a Concellería de Igualdade realice a tramitación do pago das cuotas de comunidade das tres vivendas que integran a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Con respecto á vivenda municipal identificada pola Xunta de Galicia como centro de servizos sociais denominado “ Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero I” co núm. E-638-C-6, o Departamento de Patrimonio tramitou no exercicio 2014, o abono das débedas correspondentes ás cuotas ordinarias ata o mes de outubro de 2014, gastos fondo de reserva e derrama do ano 2014 (6 meses).

Segundo a documentación presentada pola Comunidade de Propietarios/as a débeda que ata a data de hoxe o Concello de Vigo mantén coa comunidade de propietarios/as ascende a 798,63€, desglosada do seguinte xeito:

95,06€ cuotas ordinarias de comunidade das mensualidades de novembro e decembro de 2014; 2 mensualidades a razón de 47,53€/mes.

285,18€ cuotas ordinarias de comunidade do período comprendido entre o mes de xaneiro ao mes de xuño de 2015; 6 mensualidades a razón de 47,53€/mes

79,02€ cuotas derrama de fachada correspondentes ás mensualidades de xullo, agosto e decembro de 2014; 3 mensualidades a razón de 26,34€/mes.

181,33€ cuotas derrama de arranxo de tuberías correspondentes ás mensualidades de setembro, outubro e novembro de 2014, 2 mensualidades a razón de 60,45/mes e 1 mensuralidade a razón de 60,43€/mes.

158,04€ cuotas derrama polo arranxo de fachaca correspondentes ao período comprendido entre o mes de xaneiro ao mes de xuño de 2015; 6 mensualidades a razón de 26,34€/mes.

Incorpórase ao expediente a escritura de cesión da propiedade, actas da comunidade de propietarios/as, solicitude do presidente da comunidade e mailo oficio enviado polo Departamento de Patrimonio a este servizo.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Aboar á comunidade de propietarios/as da vivenda identificada como centro de servizos sociais denominada “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero I” co núm. E-638-C-6, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello, a cantidade de 798,63€, polo período que abrangue entre o mes de novembro de 2014 e xuño 2015, ambos incluídos, a derrama por reparacións de fachada nas mensualidades de xullo, agosto e decembro de 2014 e de xaneiro a xuño de 2015, e maila derrama de arranxo de tuberías das mensualidades de setembro, outubro e novembro 2014, con cargo á partida “mantemento comunidades” 9200 2120005 do orzamento vixente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(834).- SEGUNDA REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADA. EXPTE. 5531/252.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 07.07.15, conformado polos concelleiros delegados de Limpeza e de Facenda, e polo asesor xurídico do Área de Fomento, Limpeza e Contratación, que di o seguinte:

Examinadas as observacións do informe da Intervención Xeral de data 15 de xuño do 2015, no que se califica de conformidade a proposta contida no expediente sempre que se corrixan os seguintes aspectos:

- No último punto da parte expositiva do Informe Proposta apartado “Cálculo da revisión do prezo do contrato” o importe dos atrasos negativos correspondentes o ano 2015 que ascende a -192,08€ e no ano 2016 por importe de - 96,04€,
- No apartado “Cálculo de atrasos” o importe dos atrasos mensuais que son 24,01€/mes.
- Na proposta a XGL : no punto 2 o importe mensual que é de -24,01€/mes por cada mes facturado.

Procedeuse á corrección da proposta, quedando esta reformulada como segue:

Antecedentes:

–O contrato para o mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo adxudicouse á empresa ECOLIMSISTEM, S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de abril do 2013, asinándose posteriormente o documento o día 29 de abril e iniciándose a prestación do servizo o día 1 de maio do 2013.

–A duración do contrato é de dous anos, prorrogable por outro ano máis, e o prezo de adxudicación foi de 111.932,73€ iva 10% engadido (55.966,37 €/ano).

–En data 28/11/2014 a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, con efecto no período 1/05/2014 a 30/04/2015, resultando un importe anual de 56.489,65€ (iva 10% engadido).

–En data 24/04/2015 a Xunta de Goberno Local acordou prorrogar o contrato por unha anualidade máis, rematando o 30/04/2016. Neste sentido procede tramitar unha nova revisión ordinaria do prezo do contrato para este ano.

–A variación interanual do IPC nacional entre abril de 2014 e abril de 2015, que corresponde co período de cálculo para a 2ª revisión do contrato foi do **-0,6%** segundo a información oficial publicada polo Instituto Nacional de Estatística.

Fundamentación xurídica:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A revisión ordinaria do prezo do contrato está prevista na cláusula 3 apartado J) da Folla de Características do Contrato (FEC) do vixente prego de prescricións administrativas particulares que regula esta prestación, na que se establece expresamente que:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20% do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.”

Parte expositiva

Como quedou dito nos antecedentes deste informe, en data 24 de abril do ano 2015 o Órgano de Contratación acordou prorrogar o contrato por unha anualidade máis, rematando esta o día 30 de abril do ano 2016. Dado que o prezo do contrato é neste intre o aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de novembro do 2014, para o período 1/05/2014 a 30/04/2015, procede unha nova revisión ordinaria do prezo do contrato para o período 1/05/2015 a 30/04/2016 coincidente co período da prórroga.

O importe da revisión de prezos do contrato, como dereito regulado na Lei do contrato, pode facerse de oficio, é dicir, non require instancia do contratista. O Artigo 108 do TRLCAP, establece que o importe das revisións que procedan farase efectivo, de oficio, mediante o abono ou desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non puidesen incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato. As sentenzas do Tribunal Supremo de 11/03/1982 e 30/12/1998, admitiron incluso o pago de intereses polos atrasos nas contías da revisión de prezos que non foron tramitadas en prazo.

Configurándose a revisión de prezos como unha obriga da Administración, ao estar expresamente prevista nos pregos de cláusulas administrativas particulares, compételle á Administración o seu cumprimento, previa verificación da concorrencia dos requisitos establecidos na normativa vixente para que proceda a revisión de prezos no prazo de execución do contrato, obriga que continúa subsistente aínda cando se refira a anualidades xa vencidas.

Neste caso e dado que non existe solicitude por parte da empresa adxudicataria, tramítase a 2ª revisión ordinaria do prezo do contrato, de oficio pola administración contratante.

Cálculo da revisión do prezo do contrato:

- Prezo actual do contrato co 10% de iva engadido: 56.489,65€
- Prezo anual actual do contrato sen o imposto sobre o valor engadido: 51.354,23€
- Iva soportado pola administración: 5.135,42€
- Prezo anual do contrato sen iva, actualizado conforme ao 85% do IPC (-0,6%):
0,85 (-0,006) 51.354,23= 51.092,32€
- Novo prezo revisado do contrato co iva 10% engadido 56.201,55€
- Imposto sobre o valor engadido a soportar pola administración: 5.109,23€
- O importe da actualización co IVE (10%) ascende a:
56.201,55 - 56.489,65 = -288,10€
dos que -192,08€ corresponden ao ano 2015 e -96,04€ corresponden ao ano 2016.

Cálculo de atrasos

Debido ao retraso na tramitación deste expediente de revisión ordinaria do prezo do contrato, o contratista facturou o servizo prestado a partir do mes de maio do ano 2015 a un prezo de 56.489,65€/ano, cando lle correspondería un prezo de 56.201,55€/ano. Polo tanto cada mensuralidade facturada ata a aprobación desta 2ª revisión conleva un exceso de:

$$-288,10 / 12 = -24,01€/mes$$

que deberán ser descontados da primeira factura mensual emitida polo contratista unha vez lle sexa notificada a resolución do órgano de contratación.

Polo exposto anteriormente, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de Contratación deste Concello, a adopción do seguinte acordo que inclúe tanto na parte expositiva coma na dispositiva, as correccións que se relataron ao principio,

ACORDO

- Aprobar a 2ª revisión ordinaria do prezo do contrato de “mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo”, fixando o prezo a partir do día primeiro de maio do ano 2015 e ata o día trinta de abril do ano 2016 en 56.201,55€ (IVE 10% engadido).
- Descontar da primeira factura mensual emitida polo contratista unha vez lle sexa notificado este acordo, o importe de **-24,01€** por cada mes facturado ao prezo anterior, a partir de maio do 2015 inclusive.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(835).- AUTORIZACIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDA Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES (FEMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE CONCELLO SAUDABLE. EXPTE 14409/310.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 14.07.15, que di o seguinte:

Antecedentes:

I.- O Pleno do Concello, en sesión do día 30 de setembro de 2002, acordou solicitar a adscrición como socio do Concello de Vigo á “Rede Española de Cidades Saudables -FEMP-”.

II.- A mencionada rede que se incardina como unha sección da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ten por obxecto:

- Fomentar o proxecto da Organización mundial da saúde “Ciudades Saludables” o que se leva a cabo a través de asembleas e elaboración de documentación por comités técnicos. A rede, polo tanto, é o foro de comunicación de coñecementos e experiencias no ámbito da saúde pública das corporacións locais españolas.

III.- Segundo establecen as normas de funcionamento da sección da FEMP, Rede Española de Cidades Saudables, os municipios poderán estar asociados ou estar unicamente adscritos a esta sección.

A pertenza á Rede como socios implica unha participación máis activa na rede ao ter dereito a voto nas asembleas que se realicen, mentres que os municipios adscritos so teñen voz pero non voto.

IV.- A pertenza á mencionada sección como “concello asociado” implica, tamén, satisfacer a cota que establece a Asemblea de Cidades que nos últimos anos está fixada en 3.000 euros ano que o Concello de Vigo ven pagamento con cargo á partida de gastos do “programa saúde comunitaria”.

V.- En datas pasadas a referida rede remitiu por e-mail convocatoria de axudas ás entidades locais para o desenvolvemento de actuacións en mantería de saúde.

VI.- O servizo de Sanidade da Área de Medio Ambiente ben desenvolvemento diversas actividades de fomento de hábitos de vida saudables na poboación tales como terapia asistida con cans, promoción da actividades e alimentación saudables que se incardinarian dentro das actividades que poderían ser obxecto de subvención.

VII.- A Concellería de Medio Ambiente considerou de interese solicitar a subvención de dous proxectos en execución para o que, de conformidade coa Orde de inicio da concelleira de área de 28/05/2015, procedeuse á redacción das fichas e memoria detallada que esixe a súa convocatoria.

Os proxectos obxecto da subvención son:

- Proxecto de terapia asistido por cans cun custe no periodo subvencionable, 23 de abril a 22 de outubro de 2015, de 10.800 euros (IVE 10% engadido), sendo a axuda solicitada do 55% o que suporía un importe máximo de 5.940 euros (IVE 10% engadido).*
- Proxecto de información nutricional, alimentación saudable, para nenos e pais, desenvolto en xuño de 2015, cun custe de 9.075 euros (IVE 21% engadido), sendo a axuda solicitada do 55% daquel cun importe máximo de 4.991,25 euros (IVE 21% engadido).*

VIII.- Os referidos proxectos están sendo executados ou foron executados por este Concello: Área de Medio Ambiente segundo procedementos de contrato menor núms. 14239/310 e 14300/310 debidamente autorizados e fiscalizados polo que a petición da subvención non supón ningún gasto máis que os xa autorizados e fiscalizados.

IX.- Polo demáis, a concesión da axuda suporía o compromiso do Concello de Vigo de seguir coa estratexía de promoción e prevención da saúde e de realizar mesas de coordinación intersectorial entres as distintas áreas de goberno municipal que inciden na materia.

Fundamentos xurídicos:

I.- As actividades obxecto de subvención e que xa está a desenvolver a administración municipal son de interese e competencia municipal toda vez que:

A lo menos nos últimos catro anos, nos orzamentos municipais, dentro do programa de gasto de Accións Públicas Sanitarias, dótase a partida orzamentaria 3113 (antes 3134).227.99.00 PLAN SAÚDE cun importe de 50.000 euros.

A cargo da dita partida véñense desenvolvendo actividades de fomentos de hábitos de vida saudables: terapia asistida por cans, realización de medicións antropométricas para a prevención de problemas cardiovasculares, información alimentación saudable e desenvolvemento de actividades deportivas saudables (Exptes. 13140/310, 13652/310, 13131/310, 13653/310, 13315/310, 13911/310)

Estas actividades que poderían incardinarse dentro de actividades de saúde, non estarían dentro das materias do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, trala modificación introducida por Lei 27/2013, de 27 de decembro, que sinalan como propias do municipio segundo dispoña a lexislación do estado e da c.a.; non obstante se se consideran como actividades de ocupación do tempo de lecer ou medioambientais -aspecto do que tamén se dotan- encadraríanse dentro das actividades propias do municipio previstas no artigo. 25.2.l) e b) da citada Lei 7/1985, de 2 abril.

En todo caso, o artigo 3, apartados 3.a) e b) da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, permite "a sensu contrario" que os Concellos continúen co desenvolvemento de servizos xa establecidos ou a continuación de actividades de fomento xa establecidas en exercicios anteriores, como é, en todo caso, das referidas actividades.

II.- A petición da subvención, non supón gastos para o Concello xa que, como se indicou con anterioridade, os proxectos dos cales se solicita a subvención están sendo xa executados pola Administración municipal, estando o gasto fiscalizado e autorizado.

III.- A Concelleira delegada de Medio Ambiente cumprimetou os proxectos e fichas de solicitude correspondentes e procedeu a remiti-las, "ad cautelum", tendo en consideración os prazos preclusivos, a través de correo electrónico á RECS da FEMP para a súa consideración.

IV.- Non obstante, ao abeiro da resolución de delegación de atribucións do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, cómpre que o devandito órgano ratifique a petición das subvencións.

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción do seguinte, ACORDO

Ratificar as solicitudes de subvencións formuladas pola Concellería de Medio Ambiente á RECS da FEMP, segundo documentación obrante no expediente 14409/310, no marco do acordo de colaboración para o ano 2015 entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a FEOP para a potenciación da RECS e implementación local da estratexia de promoción da saúde e prevención, dos seguintes proxectos:

- Proxecto de terapia asistido por cans cun custe no periodo subvencionable, 23 de abril a 22 de outubro de 2015, de 10.800 euros (IVE 10% engadido), sendo a axuda solicitada do 55% o que suporía un importe máximo de 5.940 euros (IVE 10% engadido).*
- Proxecto de información nutricional, alimentación saútable, para nenos e pais, desenvolto en xuño de 2015, cun custe de 9.075 euros (IVE 21% engadido), sendo a axuda solicitada do 55% daquel cun importe máximo de 4.991,25 euros (IVE 21% engadido).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(836).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1, SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN. EXPTE. 7757/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 7.07.15, conformado pola técnica de Administración xeral e a concelleira de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Con data 10/10/2014, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, redactado polos técnicos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso, José Luis Gallego Páramos e Alfonso Rodríguez González.

Dito proxecto “contempla a completa recuperación da volumetría orixinal do conxunto de edificacións así coma das estruturas principais de muros existentes, tanto nas fachadas coma na súa configuración interior, para albergar un novo uso de carácter sociocultural concebido coma unha única dotación”.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 21 de novembro de 2014, aprobou “a documentación complementaria do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA “CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL, redactada polos autores do proxecto, Juan Luis Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso, José Luis Gallego Páramos e Alfonso Rodríguez González, en resposta aos requerimentos da Comisión territorial de Patrimonio Histórico, da Consellería de Cultura, da Xunta de Galicia, en sesións de 10 de outubro e de 4 de novembro, respectivamente.”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2014, acordou adxudicar á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, as obras de rehabilitación de A Casa do Patín, en Bouzas, como equipamento social e cultural, por importe de 385.345,79 euros, IVE incluído.

Con data 09/01/2015, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como directores facultativos das obras aos técnicos municipais David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; así como nomear á técnica municipal, Raquel López González, directora de execución das obras de rehabilitación de A Casa do Patín en Bouzas como equipamento social e cultural.

O artigo 219 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sinala que os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos no título V do libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 211.

O apartado 15 das FEC (folla especificacións do contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares contempla a modificación do contrato nos capítulos de cimentación, estruturas, albanelería, pavimentos, revestimentos, cantería e instalacións, así como concreta as circunstancias que poden determinar as modificacións.

Deste xeito, a dirección facultativa das obras, en informe de 7 de xullo de 2015 que se acompaña a este expediente, recolle as circunstancias non contempladas no proxecto adxudicado e, consecuentemente, solicita a autorización para proceder á redacción do PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN.

Así, o artigo 234.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, recolle que cando a dirección facultativa da obra considere necesaria unha modificación do proxecto “recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente”.

Polo exposto, solicítase desa Xunta Local de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 234.3 e na Disposición adicional segunda do RDL 3/2011, o seguinte:

1.- Autorizar a redacción do PROXECTO MODIFICADO Nº 1 SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN.

2.- Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do citado proxecto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(837).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 26830/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.07.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 9.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 25 de maio de 2015, a Titular da Asesoría Xurídica, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas dun/dunha auxiliar de administración xeral, pola escasez de RR.HH existentes no Servizo e que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo e que permita garantir a realización das tarefas administrativas indispensables do propio servizo tendo en conta a suxeición a prazos preclusivos no eido xudicial dos expedientes que nela se tramitan.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 08 de xullo actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo referenciado, nos termos da solicitude da súa Titular de data 25 de maio de 2015, das listas de substitución existentes da derradeira convocatoria de persoal auxiliar correspondente a oferta de emprego público executada ou, de non existir candidatos/as suficientes, da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13/03/2015.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20

de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliar de administración xeral do aspirante D. RUBÉN CARRERA PÉREZ, DNI 77.001.336-G, que aceptou expresamente o mesmo, significando así mesmo que o interesado acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto D^a. Rubén Carrera Pérez, DNI 77.001.336-G, leva máis de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como auxiliar de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25675/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 06/10/14, rematando o mesmo en data 05/01/2015, polo que está en condicións de ser novamente nomeado desde o 06 de xullo pasado.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun periodo de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Asi mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixiancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
 - 1. A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dun servizo interno ou central, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, o que se fai constar, segundo Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición da Titular da Asesoría Xurídica anexo ao expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de seis meses ascende a un total de 10.747,62€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades da Asesoría Xurídica Municipal contidas no escrito de data 25 de maio de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.747,62€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D. RUBÉN CARRERA PÉREZ, DNI 77.001.336-G, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando can-

do transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito a Asesoría Xurídica Municipal (cód. 111).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral do funcionario nomeado desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(838).- PAGAMENTO ATRASOS DIFERENCIA DE FUNCIÓN SENTENZA Nº 177/2005, DE 24 DE MAIO, DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO (ALFREDO CABALEIRO BESADA). EXPTE. 26789/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 30.06.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

En data 16/06/2015, presentanse no Rexistro Xeral do Concello, doc 150080622 no que o funcionario D Alfredo Cabaleiro Besada, con praza e posto de cabo do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, solicita o aboamento do complemento correspondente a actividade realizada como sarxento durante o ano 2013, segundo Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004, na que foi parcialmente estimada a pretensión exercitada polos recorrentes D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. José Antonio Villar Comesaña, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso, cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, reclamando o aboamento dun complemento de produtividade pola realización de funcións de superior categoría, ao desenvolver tarefas inherentes aos sarxentos.

Na dita sentenza se declarou o dereito dos mesmos á percepción do complemento de produtividade nos termos expostos na propia sentenza, ordenando a este Concello dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades que correspondesen ás substitucións acreditadas polos recorrentes e que cumprisen as condicións expostas.

Plantexados perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo incidentes procesuais de extensión de efectos de sentenza polos funcioarios D Vicente Alonso Covelo, D Edelmiro Montes Iglesias, D Felix Lopez Landesa, D Jose Benito Villaverde Veleiro, D Jose Luis Fernandez Cabaleiro, D Jesus Lopez Riocabo e D Alfredo Cabaleiro Besada, o devandito organo xurisdiccional, en autos de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006 respectivamente, estima a pretensión dos solicitantes, entendendo que procede a extensión de efectos da sentenza referencia-

da, debendo o Concello de Vigo proceder á materialización da mesma en iguais termos que os consignados na sentenza.

Solicitado informe ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, en data 26/06/2015 informa que o número de horas e gardas realizadas polo funcionario D Alfredo Cabaleiro Besada ascendeu a 888 horas, que respresentan 37 quendas.

A sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 analiza o disposto nas Instruccións de Plantilla do Concello de Vigo na súa disposición terceira, onde se inclúe, con cargo ó complemento de produtividade (apartado B) :“o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos”.

No fallo da sentenza referida estímase que -en base ó previsto nas ditas Instruccións- os recurrentes teñen dereito a percibir un complemento de produtividade polas substitucións realizadas, sempre en canto poidan enmarcarse na condición de actividade extraordinaria, entendendo a sentenza que esta circunstancia concorre cando as sustitucións realizadas superen un mes no período dun ano (fundamento xurídico 2º in fine).

Na sentenza consígnase expresamente a obriga de este Concello de dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades correspondentes ás substitucións acreditadas.

O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignan; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución Española de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprir-las sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada se consigna que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de marzo de 2015, acordou o aboamento da produtividade por diferenza de funcións do persoal do servizo de extinción de incendios (Sentenza 177/2005 do 24 de maio) Expte 26276/220), onde non figura o solicitante ao ser omitido por erro no informe solicitado ao Servizo).

No informe da Intervención Xeral de data 6/3/2015 referente ao expediente 26276-220, recóllese a necesidade de proceder ao estudo da reorganización do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, tanto no referente ao contido da Sentenza nº 177/2005 de 24 de maio, do Xulgado

do Contencioso nº 1 de Vigo como na necesaria actualización da estrutura do servizo, redefinición de funcións dos postos, etc., coincidendo este servizo, estando a espera de instrucións ao respecto.

Por este Servizo de Recursos Humanos –e previa emisión do preceptivo informe de fiscalización da Intervención Xeral- estímase que o funcionario D Alferdo Cabaleiro Besada deberá percibir as cantidades seguidamente indicadas, segundo o cálculo realizado no Servizo.

2014	CD	IMPORTE	CE	IMPORTE	DIFERENCIA TOTAL MES
SARXENTOS	21	473,35	302	1627,63	
CABOS	18	394,79	303	1455,28	
					250,91€

DIFERENCIA MES	Precio por xornada	precio por hora
250,91	40,69	1,70

As cantidades a aboar a cada un dos funcionarios serían:

N SOAL	PER-	NOME	N HORAS	N GARDAS	IMPORTE
20818		Alferdo Cabaleiro Besada	888	37	1.505,46 €

En canto ao custo en seguridade social do empregador que conleva dito gasto, procédese a súa cuantificación por parte deste Servizo de Recursos Humanos, co que unha vez efectuado o pago que se fará efectivo a través da nómina municipal e xerará a correspondente liquidación de seguros sociais (L03), resulta aprox. un importe de 599,18€ con cargo a partida 13501600000.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.14100000-“Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

–Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos no ano 2014, nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos no Auto de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005.

–Dispoñer o aboamento da cantidade que se sinala. correspondente ás substitucións acreditadas polo recorrente que supera un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.e prestar conformidade ao calculo que se desglosa a continuación , e que supón un total de 1505,46 €, con cargo a partida 9200.1410000, Indemnizacións por sentenzas xudiciais.

N SOAL	PER-	NOME	IMPORTE
20818		Alfredo Cabaleiro Besada	1.505,46 €

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Visto o informe de fiscalización do 8.07.15, dáse conta da ampliación de informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 10.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Examinadas as observacións do informe da Intervención Xeral de data 8/7/2015 referente ao expediente 26789-220, coincide no expresado en canto a necesidade de proceder ao estudo da reorganización do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, tanto no referente ao contido da Sentenza nº 177/2005 de 24 de maio, do Xulgado do Contencioso nº 1 de Vigo como na necesaria actualización da estrutura do servizo, redefinición de funcións dos postos, etc, estando a espera de instrucións ao respecto, como xa se cita no informe proposta deste Servizo de data 30/06/2015..

Así mesmo, en canto a observación referente “ao custo en Seguridade Social do empregador que leva carrexado a extensión destes autos xudiciais, como así demanda este servizo, ao obxecto de que o órgano municipal que ten a potestade de autorizar a execución das sentenzas emanadas polas instancias xudiciais desfavorables para as arcas municipais tome coñecemento da contía exacta do quebranto económico imposto” no informe deste servizo de data 30/06/2015 xa se indica que, unha vez efectuado o pago que se fará efectivo a través da nómina municipal, xerará a correspondente liquidación de seguros sociais (L03), resulta aprox. un importe de 599,18 € con cargo a partida 13501600000.

En consecuencia, reformúlase a proposta quedando como sigue:

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.14100000-“ Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos no ano 2014, nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos no Auto de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005.

Dispoñer o aboamento da cantidade que se sinala. correspondente ás substitucións acreditadas polo recorrente que supera un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.e prestar conformidade ao calculo que se desglosa a continuación, e que supón un total de 1505,46 €, con cargo a partida 9200.1410000, Indemniza-

cions por sentenzas xudicias. Dito aboamento xerará a correspondente liquidación de seguros socias (L03), por un importe aprox. de 599,18 € con cargo a partida 13501600000.

N PERSOAL	NOME	IMPORTE
20818	Alfredo Cabaleiro Besada	1.505,46 €

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(839).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ASINADAS POLO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN ANTICIPADA DE DNA. M^a JESÚS TABOADA PARDO. EXPTE. 26355/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 07.07.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A medio de instancia de data 03 de marzo 2015, D^a M^a Jesús Taboada Pardo, con DNI 35.984,645-H, e n^o de persoal 9604, solicita a xubilación voluntaria con efectos do 31/07/2015 aportando informativo de xubilación da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) favorable de data 04/11/2014, acreditando que cumpre os requisitos para acceder a dita situación.

2.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos resultan os seguintes:

- Vínculo xurídico: funcionaria de carreira
- N^o de persoal: 9604.
- Data de nacemento: 09/12/1950.
- Praza: Programadora Informática, Subgrupo C1.
- Posto de traballo: Programador Informática, código 98, adscrita ao Servizo de Administración Electrónica (código 113).
- Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 03.
- Contando a data de xubilación con 44 anos, 9 meses e 5 días de cotización, segundo informativo de vida laboral aportado pola interesada.

3.- Achégase ao presente expediente informe favorable do Sr. Xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 03/07/2015 en relación con dita petición.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67.2 que procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

II.- Así mesmo, o art. 161 bis.2.B, do Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, modificado polo Real Decreto-Lei 5/2013, de 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo establece:

" Respecto del acceso anticipado a la jubilación por voluntad del interesado:

a) Tener cumplida una edad que sea inferior en dos años, como máximo, a la edad que en cada caso resulte de aplicación según lo establecido en el artículo 161.1.a) y en la disposición transitoria vigésima, sin que a estos efectos resulten de aplicación los coeficientes reductores a que se refiere el apartado anterior.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 años, sin que, a tales efectos, se tenga en cuenta la parte proporcional por pagas extraordinarias. A estos exclusivos efectos, solo se computará el período de prestación del servicio militar obligatorio o de la prestación social sustitutoria, con el límite máximo de un año.

c) Una vez acreditados los requisitos generales y específicos de dicha modalidad de jubilación, el importe de la pensión a percibir ha de resultar superior a la cuantía de la pensión mínima que correspondería al interesado por su situación familiar al cumplimiento de los 65 años de edad. En caso contrario, no se podrá acceder a esta fórmula de jubilación anticipada. "

III.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Declarar a xubilación voluntaria da funcionaria de carreira D^a M^a Jesús Taboada Pardo, con nº de persoal 9604 e DNI 35.984.645-H, na praza de programador informática, con data de efectos 31/07/2015, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS).

Segundo.- Notifíquese a presente resolución a interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e

condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 8.07.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) AUTORIZACIÓN HORAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS (FESTA DA CONSOLACIÓN DE COIA 2015). EXPTE. 26791/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 6.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 25/06/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal do Taller de Vías e Obras, asinadas polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17360	Bastos Román, Jesús
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo
Xefe de equipo	Parque Central de Servizos	79133	Calles Santos, Primitivo
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	80672	Martínez Barreiro, José Manuel
Oficial conductor	Parque Móbil	77650	Fernández Riveiro, Javier

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 100 horas, a realizar con motivo dos traballos de carga, transporte, colocación e posteiro retirada e almacenaxe de cadeiras para os concertos celebrados nas festas da Consolación, no barrio de Coia. Dito servizo ten autorizadas para para o 3º trimestre-2015, un total de 1.050 horas por resolución do sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 3/06/2015. Ante a necesidade urxente de ter que levar a cabo ditos traballos e non ter en conta a previsión de ditas horas para o 3º trimestre, excepcionalmente solicitan se lles autorice ditas horas e que serán acumuladas as xa solicitadas, debido a ter que realizarse fora do horario laboral.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 30/06/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Autorizar excepcionalmente a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Taller de Vías e Obras, e que seguidamente se indica:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17360	Bastos Román, Jesús
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo

Xefe de equipo	Parque Central de Servizos	79133	Calles Santos, Primitivo
Oficial pavimentador	Parque Central de Servizos	80672	Martínez Barreiro, José Manuel
Oficial conductor	Parque Móbil	77650	Fernández Riveiro, Javier

A presente autorización outórgase nun máximo total de 100 horas a realizar con motivo dos traballos de carga, transporte, colocación e posterior retirada e almacenaxe de cadeiras para os concertos a celebrar nas festas da Consolación de Coia-2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do Servizo da Unidade de Mantemento de Vías Municipais en data 25/06/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Con data 8.07.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) AUTORIZACIÓN HORAS PARA O SERVIZO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO 2015. EXPTE. 26790/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 6.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 29/06/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o servizo de Seguridade e Mobilidade, asinada polo xefe da Área e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Nome
Inspector	Seguridade e Mobilidade	13652	García Alfonso, Juan Jesús
Oficial	Seguridade e Mobilidade	15303	Roca Dafonte, José Manuel
Oficial	Seguridade e Mobilidade	15480	Bacelos González, José

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 48 horas mensuais que suporía un total de 144 horas, a realizar durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2015, para realizar os traballos de inspección da sinalización vertical e horizontal, ocupación de vía pública por obras no termo municipal, informes de reclamacións, queixas e solicitudes de AAVV, empresas e cidadáns en xeral, licenzas para ocupación de vía pública que atinxen ao Departamento..

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 30/06/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poida solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se

determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao servizo de Seguridade e Mobilidade, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
13652	García Alfonso, Juan Jesús
15303	Roca Dafonte, José Manuel
15480	Bacelos González, José

A presente autorización outórgase nun máximo total de 144 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo de Seguridade e Mobilidade en data 26/06/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 8.07.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

D) AUTORIZACIÓN HORAS PARA O SERVIZO DE MUSEOS DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2015. EXPTE. 26801/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 6.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 30/06/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o empregado Ramón Vázquez Martínez (nº persoal 16478) do servizo de Museos, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área.

Por parte do servizo solicitante estímase como máximo un número inferior a 8 horas diarias, a realizar durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2015, para atender servizos derivados da programación de exposicións do servizo de Museos Municipais.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 02/07/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do

24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral o empregado municipal adscrito ao servizo de Museos, Ramón Vázquez Martínez (nº persoal 16478).

A presente autorización outórgase nun máximo total de 48 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo de Museos Municipais en data 23/03/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Con data 8.07.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(840).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.